

INFORME REUNIÓN COORDINACIÓN 1º CURSO 1º CUADRIMESTRE DE GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA – 19 de xaneiro de 2024

Día: 3 de xuño de 2025

Hora: 12:00 h

Lugar: Virtual - Campus Remoto

Asistentes: Eva Lorenzo Iglesias, José Luis Trillo Rodríguez, Daniel González Peña, Marta Rodríguez de la Fuente, Rosalía Laza Fidalgo, Javier López Pedrares, María José Lado Touriño, Alberto Nóvoa, Gonzalo Rodríguez Cocaño, Saúl Lago Lago, Félix Osorio Feijóo, Héctor Calviño Canitrot.

Cumprindo co Plan de Coordinación Docente da ESEI, tivo lugar na data e hora indicadas a reunión de coordinación do 2º cuadrimestre para o 1º curso do Grao en Enxeñaría Informática, para o curso 2024-2025.

Para coñecer todas as opinións, incidencias, problemas detectados por todo o colectivo implicado, acudiu a esta reunión parte do profesorado responsable das diferentes asignaturas, e o alumnado delegado de curso e da delegación da ESEI

Inicialmente, o profesorado responsable falou do desenvolvemento da docencia e da avaliación na súa asignatura. Despois, o alumnado participou coas súas opinións e comentarios. A continuación, preséntanse os comentarios e conclusións máis relevantes.

COMENTARIOS DO PROFESORADO:

MATERIA: ALGORITMOS E ESTRUCTURAS DE DATOS I (AED I)

O profesorado indica que non hai cambios destacables con respecto a outros anos. Nesta materia sempre tratan de facer cambios para mellorar, pero non son quen de facelo. Teñen unha asistencia baixa ás clases, sobre todo a partir da realización da primeira proba. Este ano cambiaron os TADs e as probas, cun tipo de exame máis guiado, pero os resultados obtidos son os mesmos. Con respecto ao proxecto que debe realizar o estudantado dende o principio, é útil e aporta.

Aínda non teñen porcentaxes de cualificacións, pero teñen una taxa de 27% de alumnado non presentados (176 de 239).

MATERIA: ÁLXEBRA (AL)

O profesorado comenta que houbo moi pouca asistencia ás clases teóricas, sobre todo despois da Semana Santa. Iso implicou ter que pararse nas de práctica para explicar de novo os contidos. O alumnado dá pouco valor ás clases de teoría, e iso notouse nos resultados das probas, nas preguntas teóricas e de razoar. Cre que esta falta de asistencia retarda o proceso e repercute nos resultados obtidos. O alumnado non presentado foi o 28%, e aprobou sobre o 45% do alumnado presentado.

MATERIA: ARQUITECTURA DE COMPUTADORAS I (AC I)

Comenta o profesorado responsable que máis ou menos se repite a situación do curso pasado. Baixa asistencia a clase e ao final queda unha porcentaxe reducida de alumnado de avaliación continua, que é o que aproba. Un 50% do alumnado non se presentou ao exame, e aprobou o 70% do estudantado que seguiu a continua.

MATERIA: PROGRAMACIÓN II (PRO II)

O profesorado comenta que a taxa de aprobados mellorou con respecto ao ano pasado. A taxa de alumnado non presentado foi baixa, sobre o 10%. A asistencia tamén foi baixa, e foi decando durante o curso, sobre todo se saíu mal a primeira proba. Pensa tamén que influíu na asistencia o feito de que foi en venres. Non houbo ningunha incidencia fóra do normal.

MATERIA: TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN E LIDERADO (TCL)

O profesorado comenta que nesta materia tratouse de mellorar as habilidades de comunicación oral e escrita, fomentar capacidades de liderado e traballo en equipo, así como de desenvolver estratexias para a xestión de proxectos e resolución de conflitos, e promover a autoconciencia e a confianza na expresión de ideas. Fixeron diversas exposicións orais, traballos en grupo, debates e exercicios prácticos.

O alumnado amosou unha mellora significativa nas súas habilidades comunicativas, e apreciouse un crecemento na súa confianza para liderar e coordinar equipos. A meirande parte logrou aplicar técnicas de comunicación efectiva en diferentes contextos, promovendo un ambiente de aprendizaxe participativa e respectuosa.

Como áreas de mellora, propóñense unha maior énfase na xestión do tempo durante as presentacións, un maior fomento da participación de todo o alumnado nos debates, e a incorporación de máis actividades relacionadas con situacións reais do ámbito comunicativo.

O curso foi exitoso no desenvolvemento de actividades clave para futuros enxeñeiros/as en Informática, fortalecendo a súa capacidade de liderado e comunicación. Recoméndase continuar con esta liñas de traballo e ampliar as actividades prácticas para potenciar aínda máis a aprendizaxe.

COMENTARIOS DO ALUMNADO:

1) O alumnado comenta que non lle gustou o uso de chatGPT en PRO II, e que non lles deran apuntes.

O profesorado responsable indicou que non se dan apuntes na materia. Trátase de que o alumnado faga os seus apuntes respostando a diferentes cuestións que se presentan ao alumnado con antelación. É tarefa do estudantado facer os seus propios apuntes resolvendo as preguntas, e asistindo as clases de teoría, que é onde se explican os conceptos necesarios para elaborar as respostas.

Ademais, o profesorado non ten a obriga de entregar apuntes. Proporcionase bibliografía e recoméndase empregar algunha IA xenerativa para ir construíndo as respostas as preguntas. Previamente, o profesorado xa fixo esta tarefa para garantir que o alumnado non terá problemas.

O vindeiro curso seguirán nesta liña, pero a elaboración propia de apuntes terá un peso na cualificación final. Farase en git.

2) O alumnado comenta que en ACI os tempos de corrección son demasiado longos (3-4 semanas), e que ademais o temario non está en concordancia coas probas, e pode haber cousas que non se deron en todos os grupos de prácticas.

O profesorado responsable indicou que si que concorda, pero loxicamente as preguntas das probas non son copias das transparencias, hai que deducilas dos contidos. Con respecto aos contidos que non se impartiron en todos os grupos, existen docentes diferentes nons distintos grupos, e iso pode provocar que, aínda que traten de poñerse de acordo, non sempre coincida todo. En calquera caso, ten batsantes cualificacións de 9, 8, 8,5,... nas probas.

En relación cos tempos de corrección, indica que hai un número moi elevado de alumnado, e corrixir preguntas abertas leva moito tempo. O resto do profesorado coincide con esta afirmación.

3) Sobre a materia de AL, o alumnado comenta que ao alumnado lle gustaría ter as solucións aos boletíns de exercicios, as respostas concretas numéricas.

O profesorado responsable indicou os exercicios se resolven nas clases, e que se queren ter solucións, teñen que asistir a clase. Hai que xustificar a resposta, e unha resposta numérica única non é suficiente.

Inteveñen máis docentes e comentan que o alumnado debe tratar de resolver sempre os exercicios de forma autónoma, e despois vir preguntar a titorías, o que fan unicamente moi de vez en cando. O alumnado ten que entender que o profesorado desexa que asistan ás clases e ás titorías, que forma parte do proceso de aprendizaxe. Non somos unha universidade a distancia.

A Subdirectora de Calidade comentou tamén que se están a dar as mesmas problemáticas e situacións que noutros cursos. Considera importante a asistencia a clase e a xeración de apuntes propios. O profesorado guía o proceso de aprendizaxe para que o alumando aprenda, non é simplemente coller apuntes da Internet.

Por outra banda, é complicado subir as taxas de alumnado asistente e que se presenta ás probas de avaliación. A nivel de titulación, os resultados son bos, pero as ausencias son notables.

O profesorado de AC I presenta unhas cuestións finais: 1) como solucionar o problema do alumnado que non fai o exame na data correspondente e presenta xustificación (indícaselle que están regulados no Regulamento de estudante. Unha opción pode ser recuperar todas as probas perdidas na proba de avaliación global); e 2) como tratar a nivel de probas co alumnado PIUNE (indícaselle que as pautas veñen dadas pola Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade e apostan pola integración e a igualdade de oportunidades).

CONCLUSIÓNS XERAIS

Como conclusións máis importantes pódense destacar:

- 1) O curso transcorreu con total normalidade, e non se atoparon problemas que provocasen un desenvolvemento anómalo das clases.


Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es

- 2) A asistencia a clase e o traballo autónomo son fundamentais para a adquisición de coñecementos e a superación das materias.
- 3) O alumnado non asiste a titorías a resolver dúbidas case nunca, e prefire que se lle dean os apuntes para descargar directamente.
- 4) Existe unha tendencia xeral por parte do alumnado a considerar un rol do profesorado como persoa que avalía, pero non como persoa que ensina. Isto haberá que analízalo de xeito coidadoso.

Ourense, 3 de xuño de 2025



Asdo. María José Lado Touriño

Coordinadora de Primeiro de Grao en Enxeñaría Informática